



№ 24

SUMARIO

Título	Autor	Páxina
Editorial.		3
Que son os Dereitos Dixitais?	Redacción.	4
Camile Claudel	Ilustrísima's	6
Colabora!	Redacción	7
À xentrificación mata (cando menos as vistas no Barrio Alto de Vigo)	Uxío Reinoso	8
Dilapidación de recursos públicos	Serxio Regueira	10
Verdegaia esixe que os concellos se oponan ao maltrato animal	Verdegaia	11
O sr. Font e a Memoria Histórica	Manuel Reinoso	12
Reseña: documentario, "Con pés de cemento"	Anxeles Bouzó	14
Caravana da Marcha Mundial das Mulleres	Marcha Mundial das mulleres	15
Portada	Redacción	
Almanaque	Monster Rat	

0.50€ n.º 24

Marzo-2015

COLABORA
CONNOSCO!

aboia.info

revistaaboia@gmail.com

Tirada do número anterior:
155 exemplares.

A boia por Revista A Boia atópase baixo unha Licencia Creative Commons Atribución-NoComercial-CompartirIgual 3.0 Unported

RECICLA ME

Locais de distribución:

Café Bizarre (Vigo), Ferriñas (Vigo), Irmandiños (Vigo), De 4 a 4 (Vigo), Mercado da Tía Ni (Sabarís), Café Uf (Vigo), Cova dos ratos (Vigo), CS Bou Eva (Vigo) Tetería Rosalinda (Vigo), Bar Princesa (Vigo), Taberna do Jefe (Cangas), Taberna O rincón (Cangas), La bolera (Moaña), Rañolas Café (Condumar), O Cafeciño (Ramalloso) Casa Colorida (Rigrán), CS Fusalho (A Guarda), Detrás do Marco (Vigo), Edra (Vigo), Galería Jazz (Vigo), Café Bar À Pola (Vigo), Cantina Candela (Vigo), Quinta da Gaiña (Vigo), La casa de arriba (Vigo)

EDITORIAL

Internet que se orixinou na década dos sesenta comezou a tomar protagonismo na nosa vida cotiá na segunda metade dos noventa e é hoxe en día unha ferramenta indispensable mesmo para as accións más superfluas do día a día.

A súa capacidade para "invadir" case tódolos ámbitos das nosas vidas vén dada polo seu valor como ferramenta de comunicación entre calquera punto do globo e pola súa posibilidade de acceso ilimitado á información. Isto foi empurrando aos gobernos cara ao establecemento dunha lexislación que regulase o seu uso, a cal provoca en moitas ocasións a vulneración de liberdade de expresión e da protección de datos e privacidade das persoas usuarias.

No artigo IV da "Declaración de dereitos de internet do senado español" (9-12-1999) pódese ler que "garantiranse o segredo das comunicacións electrónicas e a privacidade dos datos". Mesma idea de base que se recolle no Pacto Internacional de Dereitos Civís e Políticos. Porén as **informacións como as que indican que Facebook ou Myspace "entregan información relevante dos consumidores ás compañías de publicidade sen o consentimento do usuario"**, amosan que na práctica os dereitos dixitais non son respectados polos gobernos e as grandes empresas.

Tendo en conta, que a **venda datos privados move 100.000 millóns de dólares ao ano**, segundo un estudio da consultora Roland Berger, faise patente a necesidade dunha reacción tanto a nivel individual coma colectiva, que denuncie como se esta a comercializar coas nosas **informacións privadas**. Expoñendo a quen comercia con dita información (Google, Facebook, Microsoft, Amazon...) quen a vende e quen está a mercala.

Cómpre informarnos e reeducarnos para non deixar na rede información sensible, e evitar expoñer á vista de todos datos cos que logo se poida comerciar. Así mesmo é importante compartir esta información con todos aqueles que poidamos, creando iniciativas por exemplo á hora de traballar en rede con ferramentas máis específicas que protexan os datos sensibles, ademais de denunciar abertamente o problema na procura dun marco que realmente defenda os nosos dereitos. **Que internet siga sendo un espazo que horizontalice a sociedade ou que se converta nunha ferramenta máis dende a que consolidar unha sociedade inxusta depende de cada un e cada unha de nós.**

DEMOCRACIA FRONTE "OS MERCADOS"

MOBILIZAR + CONVERXER + CONSTRUIR

PENSA + ACTÚA + ORGANÍZATE

QUE SON OS DEREITOS DIXITAIS?

Redacción.

Son os dereitos das persoas que se relacionan coa realización de accións lexítimas que comprenden o uso dunha computadora, todo tipo de dispositivo electrónico, ou unha rede de comunicacións. Relacionase coa protección e cumprimento de dereitos existentes (dereito á privacidade, liberdade de expresión e información,...) no contexto das novas tecnoloxías dixitais,

"Dende mediados dos anos 90 hai un debate entre as persoas partidarias e opostas a regular internet"

COMO SE ORIXINAR?

As novas tecnoloxías da información e a comunicación son hoxe unha ferramenta fundamental para o desenvolvemento e a organización social, política e económica. Aínda que internet aparece en 1969, non será ata os anos 80 que se dean diferentes procesos que buscan a reflexión, debate e acotación lexislativa dos dereitos e deberes ao redor de internet. Dende mediados dos anos 90 o debate centrarase entre as persoas partidarias de regular internet e as partidarias de non regulala. Pero será co inicio do s. XXI cando este proceso se acelere e se empescen a conformar os marcos normativos (por exemplo, a ONU recoñecerá no ano 2011, o acceso a internet, como un derecho humano) así como a consolidar as diversas loitas entre grupos con olladas confrontadas (seguridade vs. liberdade; negocio vs. ferramenta aberta; propiedade intelectual vs. cultura aberta;...).

CAL É A SUA PROBLEMATICA?

Internet é un novo espazo no que se establecen novas relacións sociais, políticas e económicas. Os seus principais problemas son:

- **Fenda Dixital:** Refírese á diferenza na accesibilidade a internet, e ás novas tecnoloxías da información e a comunicación, que se dá entre comunidades. A fenda dixital ataca directamente ao derecho de acceso a Internet (dereito humano que posúe toda persoa para acceder a Internet coa fin de poder gozar e exercer os seu dereitos de liberdade de expresión, de opinión e outros dereitos humanos fundamentais). Norte América (87,7%), Oceanía (72,9%) e Europa (70,5%) ocupan as posicións onde a penetración de internet na poboación é maior.



Viñeta de Duncan Hill: HAI UNHA ACTUALIZACIÓN LINUX "Guay, más cousas gratis!"; WINDOWS "NOT"

Fronte a eles atópanse Asia (34,7%) e África (26'5%).¹

- **Censura:** Proceso a través do cal os gobernos ou outros grupos desenvolven diferentes procedementos para poder controlar ou suprimir determinados contidos de internet como a disidencia, a resposta social ou a difusión de contidos

"A comercialización de datos move 100.000 millóns de dolares ao ano"

que afectan ás clase de poder,

- **Privacidade:** As grandes empresas e os gobernos controlan a información que posúen as usuarias de Internet, interactuando por medio de diversos mecanismos en liña a través dos que pode analizar, capturar e intercambiar datos privados dxs usuarixs. A comercialización de datos move 100.000 millóns de dólares anualmente.²

- **Dereito ao esquecemento:** Dereito que



ten o titular dun dato persoal a borrar, bloquear ou suprimir información persoal que considera obsoleta, inapropiada ou que dalgún xeito restrinx o libre desenvolvemento dalgún dos seus dereitos fundamentais.

CALES SON AS LOITAS ACTIVAS?

Como reacción ao contexto de crecente limitación de dereitos, atópanse diferentes movementos que buscan defender, recuperar ou avanzar sobre os dereitos na rede. Estes pódense clasificar en:

- **Open source.** Son movementos dedicados a defender os sistemas de código aberto e/ou compartido.
- **Defensa da privacidade.** Actúan contra as políticas que permiten obter de información electrónica de cada usuarix.
- **Anticomerciais.** Movementos que actúan contra o spamming e contra o uso comercial dos datos persoais dxs usuarixs.
- **Liberdade de expresión.** Buscan xerar marcos de protección da liberdade de expresión.
- **Decodificación.** Amósanse a favor da encriptación e néganse a que se estableza ningún tipo de normativa que obrigue a poñer o código dispoñible.
- **Divulgación do coñecemento.** Buscan a difusión e divugación de contidos culturais, científicos e educativos, a través dun acceso universal e de espazos compartidos.
- **Transparencia.** Movementos que pretendan que a información dos entes gobernamentais e privados publiquen a súa información interna.

1 Datos de World Internet Users, 2014: <http://www.internetworkstats.com/stats.htm>

2 Datos publicados no estudo da consultora Roland Berger.

CAMILE CLAUDEL

Ilustrisima's

Escultora que raiou con luz propia áinda que foi eclipsada polo seu mestre e amante, August Rodin. Sempre a deixaron nun segundo plano como artista, e os seus enredos con Rodin foron tan tempestuosos

que tanto el como a súa propia familia ordenaron que fora ingresada nun psiquiátrico en contra da súa vontade. Alí estivo trinta anos e finalmente morreu.



COLABORA



revista

a



boia

Contracultura dende a ría

Envia os teus textos, artigos, ilustracións, fotografías, eventos para o almanaque, poemas, relatos,etc ...

a traves da web: aboia.info ou no correo : revistaaboia@gmail.com

A XENTRIFICACIÓN MATA (CANDO MENOS AS VISTAS, NO BARRIO ALTO DE VIGO)

Marcha Marcha Muncial das Mulleres

Lembrome como se fose hoxe, pero foi fai 9 anos. Daquela so tiña 24 anos pero xa estaba de "volta"; estivera vivindo (por breves periodos de tempo) en Londres, Compostela, Lisboa e A Habana, e ainda que me gustara andar polo mundo, nese verán de 2006 decidín que sempre ficaría a vivir, traballar e loitar en Vigo (as tres cousas por igual, doutro xeito non pode ser).

Así pois estaba a dar un paseo co meu colega Xavi pola Ferrería, cando reparei e dixenlle: "Xa verás, esta zona é caralluda, dentro duns anos isto será como o Soho de Londres".

Quería decir que aquel barrio casi valeiro, con moitas casas e rúas en ruina, no que apenas vivía xente e no que prácticamente só quedaban con actividade comercial uns decréritos clubs de alterne,

"necesariamente" ía ser aproveitado polo novo Vigo que se me antoxaba que ia nacer daquela. Sería aquel un barrio "alternata", pero non necesariamente "moderno", no que agromaría as iniciativas da mocidade coma min, pero que (e por que non?) ainda perviviría o Vigo decrépito que tanto carácter e ensinanzas nos ten.

"Fai anos, eu cría que a Ferrería sería un barrio 'alternata', no que agromaría as iniciativas da mocidade pero no que continuarían as pervivencias do pasado"

Cría que na Ferrería, como no Soho, podería haber prostitutas e tendas de vinilos; e como no Bairro Alto de Lisboa pequenos bares e tendas de barrio; e



Vistas desde o castelo de San Sebastián fai uns 5 anos

tamén algunas hortas como na rúa das Hortas de Compostela,...pero tamén pensaba que en Vigo ía ser preciso algo máis, algunha volta de torca á posmodenidade imperante nos meus círculos.

Se fora un capitalista, non tería dubidado daquela en invertir en inmóbiles; como non o son, xunto co Xavi e outras colegas fundamos "Entremos na Panificadora". Entendía, que para que o conxunto do Casco Vello se enchese de vida ainda facía falla un espazo no que haber actividades de carácter industrial, fose dun xeito propio ou simbólico.

Hoxe en día todo isto antóxaseme pueril, é evidente que no Casco Vello hai unha nova xeración: na parte baixa está habendo unha explosión (kamikaze) de comercios de hostelería e turisteo que semella pode encher todo o conxunto. Agora mesmo no Barrio Alto (que xa non Ferrería), estase expulsando e aplastando as pervivencias para implantar un habitat "moderno", con xente moza sí, pero que o mesmo podían estar aquí que no Soho.

"Pero non se aprendeu nin se experimentou nada, só hai réplica duns procesos que xa se mostraron nefastos."

Todo isto é algo moi pouco posmoderno: non se aprendeu nin se experimenta nada só hai réplica duns procesos que xa se mostraron nefastos. Esperemos que non, pero eu creo que dentro de pouco o Casco Vello será inhabitable e insalubre para as viguesas, tal e como foi a finais do S XX.

Como proba un botón, "Casa para hipsters na rúa das Hortas":

- demolición dos restos de casas populares de granito
- chalés pareados feitos nun bloque de granito caido do ceo
- patio/horta privada
- terraza sobre cuberta no que sobreasae un faiado-galería, de tal xeito que os habitantes desta casa teñen unha maravilloosas vistas que aos demás ela mesma nos oculta



A "rehabilitación" destas vivendas na rúa das Hortas, danou as vistas dende ese punto.

DILAPIADACIÓN DE RECURSOS PÚBLICOS

Serxio Regueira

Segundo a prensa podemos observar como a cotío se definen obras feitas con fondos públicos como exemplo de eficacia e servizo aos cidadáns. Nada máis lonxe da realidade, en moitos casos e moi recentes máis ben se poderían cualificar como "dilapidación de fondos públicos".

"A dilapidación de recursos públicos continúa: no aparcamento disuasorio do Regueiriño, Domaio, invertíronse 160.000 euros co resultado de reducir as prazas de 60 a 32"

Un exemplo claro é o chamado aparcamento disuasorio do Regueiriño, Domaio. Unha actuación sobre un terreo sobrante de vía pública, PO 551, onde estacionaban diariamente 60 coches. Que fixeron? Unha inversión superior aos 160.000 euros para reducir a capacidade de aparcadoiros xusto á metade: 32 prazas. Iso só pode ter un nome, dilapidación dos impostos dos cidadáns.

Con esa inversión puidéronse arranxar as dúas parcelas de sobrantes da vía pública na zona, cunha capacidade de 100 prazas de aparcadoiros, e mellorar as paradas do bus. Pero non quixeron nin o concello nin a Xunta de Galicia.

Outra obra recente é a instalación da tubaxe que trae a auga de uso doméstico desde A Guía, Lagoa, Vigo ao Con, Moaña. Obra cun custo de millóns de euros e que, sen entrar en funcionamento, xa rebentou en diversas ocasións. Ten algunha

responsabilidade a empresa construtora? Quen se fai cargo dos sobrecustos? Polo que se leva lido, non. Como sempre, serán as administracións cos nosos impostos as que se fagan cargo dos custos. Teremos que seguir atentos, cando entre en carga total, seguro que serán normais os rebentóns e os sobrecustos.


Como podemos catalogar esta forma de actuar das administracións? Responsables, dilapidadoras, irresponsables, corruptas... cada quen que saque as súas propias conclusións.



Foto:Juantiagues

						I
2	3 CONCENTRACIÓN "CONTRA A REPRESIÓN", ás 29:00 HORAS DIANTE DO MARCO.	4	5	6 "LAS CALLES CORRIAN POR LAS CALLES", ás 22 NO TEATRO ENSALLE, ENTRE 4,5 E 9 EUROS	7 XANTAR POPULAR EN PROL DA PROTECTORA ANIMAIS DE TUI, ás 14:30 NA COVA DOS RATOS. 3,5 €	8 "LAS CALLES CORRIAN POR LAS CALLES", ás 21 NO TEATRO ENSALLE, ENTRE 4,5 E 9 EUROS
9	10	11	12	13	14 XANTAR POPULAR EN PROL D'A BOIA E/OU RÁDIO PIRATONA, ás 14:30 NA COVA DOS RATOS. 3,5 €	15 "A QUE NON PODES DICIR COCA COLA?" DE TEATRO DO LUME, ás 21 NO TEATRO ENSALLE, ENTRE 4,5 E 9 EUROS
16	17	18	19	20	21 XANTAR POPULAR EN PROL DE CÁRCERE-TORTURA, ás 14:30 NA COVA DOS RATOS. 3,5 €	22
23	24	25	26	27	28	29
30	31					

MARZO



VERDEGAIA ESIXE QUE OS CONCELLOS SE OPOÑAN AO MALTRATO ANIMAL

Verdegaia

Esta semana atopamos máis un exemplo de maltrato animal. Desta vez, feita nas instalacións do Cirkus Kaos instalado no concello de Mos. A pesar de contar cun repertorio variado de malabaristas e pallasos, é un dos circos que se resiste a abandonar a utilización de animais. Animais forzados a vivir en condicións aberrantes para a súa natureza e adestrados para desenvolver actividades antinaturais para o lecer dos humanos. O caso dos leóns é paradigmático, en lugar de estar na sabana africana terán que soportar en gaiolas minúsculas as xélicas noites desta semana.

As administracións locais, detentoras da potestade para conceder aos circos a autorización de instalación, deben recapacitar sobre as eventuais vantages da realización deste tipo de exhibicións no territorio que administran. Os cativos, que son xeralmente o público maioritario, reciben unha versión terxiversada e falsa dos animais, feito que resulta de todo antipedagóxico e moi distante dunha educación ambiental que ensine a

observar, comprender, respectar e amar as demais formas de vida.

Os animais non humanos son seres vivos con necesidades, sentimientos e capacidade de sufrimento, non obxectos para o noso uso e divertimento. Mais certos sectores da sociedade néganse a aceptar que son seres dotados de sensibilidade, non só física senón tamén psíquica.

"Verdegaia entende que a sociedade non ten dereito a facer sufrir innecesariamente a outro seres vivos "

Verdegaia entende que a sociedade non ten dereito a facer sufrir innecesariamente a outros seres vivos e urxe o recoñecemento de determinados dereitos a todos os animais non humanos. Deste modo vimos de presentar, no rexistro do concello de Mos, unha proposta de moción para que a vila se declare "Vila amiga dos animais" e non volva a promover nin apoiar circos que utilicen animais.



Foto: JFabra

O SR. FONT E A MEMORIA HISTÓRICA

Manolo Reinoso *

No FARO do 12 de febreiro, escribe vostede unha columna sobre a memoria historica na nosa cidade a raiz da sentenza do TSXG sobre a Cruz franquista do Castro, onde enumera os avances conqueridos a prol da memoria histórica dende que o Sr. Caballero é alcalde da nosa cidade, é a este aspecto ao que me vou referir neste escrito.

"O sr. Font enumerou unha serie de 'avances' conqueridos sendo alcalde Caballero. Pero moitos son 'medias verdades', e en realidade ningún deses feitos son merito de Caballero"

Vaia por diante que acato sentenza do TSXG, pero non é o motivo deste escrito entrar a valorar a súas verbas, xá o fixo a AVMH do 36.

Vaiamos pois sobre os actos que vostede menciona sendo alcalde o Sr.Caballero.

- O Sr. Caballero é Alcalde da nosa cidade en dúas lexislaturas. Na primeira coaligado co BNG, en que o Sr. Domínguez e Tenente de Alcalde, o Sr. Xesús López é concelleiro de Cultura (probablemente o mellor concelleiro de Cultura que tivo nunca a nosa cidade) e a Sra. Iolanda Veloso ocupa a Concellería de Igualdade. Na segunda lexislatura, a actual, exerce o PSOE o goberno en solitario. Todo isto é moi importante para comprender o que vén.

- Primeiro di vostede "12 calles llevan nombre de represaliados", non sei onde están, pode ser, vostede dirá, pero só coñeko 6 rúas que leven nomes de mulleres represaliadas, feito que foi

aprobado por unanimidade no pleno, grazas a unha iniciativa co Consello Municipal da Muller, defendida e presentada no pleno polo concelleiro de Cultura Xesús López.

- Segundo, "Un barco nome de una represaliada". Barco botado nos astaleiros de Vigo, propiedade da empresa SERTOSA NORTE, que foi fletado polo ministerio de Fomento (Sr. Blanco) no 2009 para Salvamento Marítimo, ao cal se lle puxo o nome de URANIA MELLA. Rematado o contrato no 2012, na actualidade está rebautizado co nome de MONTE ARUCAS.



- Terceiro, "tres monolitos conmemorativos". Hai más, Sr. López Font, uns levantados pola iniciativa da AVMH (Calvario, Castro, Cabral), outros pola iniciativa da AV Teis (na Guia), da AV Lavadores nos xardíns de Barreiro. Todos co apoio da Concellería de Cultura de Xesús López.

**"Canda xa estaba feita a pedra,
con so dous días de antelación,
denegouse o permiso para
colocar unha placa polo fusilados
en Pereiró."**

Non obstante, foinos denegado o permiso para colocar unha placa no cemiterio de Pereiró en lembranza os 740 fusilados polo franquismo que alí estan soterrados. Foinos denegado o permiso 2 días antes pola concelleira Chus Lago, que era a que tiña as competencias no cemiterio de Pereiró, cando xa estaba feita a placa de pedra e organizado o acto que ía contar coa presenza do concelleiro de cultura. O mesmo nos pasou coa placa que queriamos colocar no Marco para recordar o seu pasado como cárcere, o Sr. Alcalde denegounos o permiso por ser o presidente Fundacion do Marco.

- Cuarto, "retirada del monolito Cies", feito polo Ministerio de Medio Ambiente, goberno do Sr. Zapatero, quen tiña as competencias sobre o Parque.

- Quinto, "retirada signos falangistas de 8 iglesias y diferentes edificios oficiales". Aquí si, pero retirada parcial, pois o nome de José Antonio Primo de Rivera ainda se mantén en moitas delas, basta ver a Colexiata. En canto aos diversos edificios oficiais, non sei a cales se refire, pois a Reitoría foi na época da Sra. Porro e o da Casa Das Artes foi competencia do Tenente de Alcalde.

- Sexto, "y nominamos Jardin de la Memoria". Si señor, aquí ten razón, a raíz de prohibir a colocación da placa en Pereiró, que antes comentéi, aos poucos días, a iniciativa do Alcalde, levouse a cabo esta inauguración, denominando ese espazo de Pereiró co aséptico nome de "Jardín de la Memoria".

Si Sr. López Font, os feitos que vostede menciona sucederon na nosa cidade na primeira legislatura, coaligados co BNG. Desta segunda xa non temos más novas, pero vostede non falta a verdade, ainda que sexa a media verdade. Todo iso sucedeu sendo alcalde de Vigo o Sr. Caballero, como tamén é certo que sendo el alcalde tocou o gordo da lotería de Nadal en Monforte.



"COS PÉS DE CEMENTO"

Ánxel Bouzó

Guión, producción e realización: Juan Pablo Forti e Manuel P. Sánchez.

Narradora: Lucía Cid Cabido. Axudante de Animación: Pedro Rodríguez Luaces.

Banda Sonora: GÜINTERVAN. Duración: 29'30"


"O documentario ten como tema principal a economía baseada no cemento; pero reflicte tamén as mobilizacións sociais que xurdiron como defensa "

O 24 de xaneiro estreouse en Nigrán, na Casa Colorida, o documental "Cos Pés de Cemento". O seu tema principal é a economía baseada no cemento, a especulación urbanística e a apropiación do común, pero reflicte tamén as mobilizacións sociais que xurdiron como defensa imprescindible. "Cando foi a explosión anticorrupción en Nigrán, e en tantos outros concellos, decidimos empezar a gravar. Percibiamos que por fin

o sentimento da xente e o dos ecoloxistas comezaba a converxer. Iso foi o que nos deu os folgos, o tempo no activismo deunos os contactos." (Juan P. Forti)

Os casos vanse presentando enfiando entrevistas e gravacións de mobilizacións: Redondela reinvindicando o tren de cercanías, O Morrazo en contra dos portos deportivos, Baiona e a defensa do patrimonio nos montes, Salvaterra co polígono industrial, Nigrán e a construcción do Porto do Molle, hoxe unha grande extensión encementada, trala desfeita eólica, chea de naves industriais baleiras e sen uso, como en tantos outros casos; e no mesmo concello a aparición de Salvemos Monteferro como resposta veciñal que se opuxo ao proxecto de urbanización do monte...

O documental anima á mobilización cidadá. Ao estar feito dende o local vémolo dende unha perspectiva de participación e coñecemento que lle dá un significado especial de proximidade.



CARAVANA DA MARCHA MUNDIAL DAS MULLERES

Marcha Mundial da Mulleres

Nós, as mulleres da Marcha Mundial das Mulleres da rexión europea, estaremos en marcha nunha caravana, do 8 de marzo ao 17 de outubro de 2015, desde Turquía ata Portugal, para visibilizar as nosas diversas realidades sexuais, políticas e económicas.

"Imos marchar para demostrar a nosa perseveranza e a nosa forza como mulleres colectivamente organizadas. Somos diversas, pero temos unha identidade e obxectivo común: superar ainxustiza actual"

Imos marchar para demostrar a nosa perseveranza e a nosa forza como mulleres colectivamente organizadas, con distintas experiencias, culturas políticas e orixes étnicas, pero que teñen unha identidade e un obxectivo común: o desexo de superar ainxusta orde actual que provoca violencia e pobreza e construir o mundo que queremos, baseado na paz, na xustiza, na liberdade e na solidariedade.

Imos marchar para reclamar os nosos dereitos.

Imos marchar na loita contra a mercantilización das nosas vidas, da nosa sexualidade e dos nosos corpos.

Imos marchar para denunciar o sistema capitalista, sexista, racista e lesbofóbico que explota o traballo diario reprodutivo e produtivo das mulleres, á vez que concentra as riquezas nas mans duns poucos.

Imos marchar polo fin inmediato dos conflitos armados e polo uso do corpo das mulleres como botín de guerra.

Imos marchar na loita contra a privatización dos recursos naturais e dos servizos públicos.

Imos marchar pola soberanía alimentaria e enerxética e contra a destrución e o control dos nosos territorios.

Estaremos en marcha ata que consigamos os nosos dereitos á saúde, á auga potable, ao saneamento, á terra, á vivenda e á autonomía sobre as nosas sementes .

Estaremos en marcha ata que todas sexamos libres

